



CONVENIO DE COLABORACIÓN ACADÉMICA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO, O ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE PONTEVEDRA E O ILUSTRE COLEXIO DE PROCURADORES DE PONTEVEDRA

En Vigo, na data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, del Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Da outra, dona Gema Rial Rodríguez, decana do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e don Joaquín Gabriel Santos Conde, decano do Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1. Que a vixente redacción da *Ley 34/2006, do 30 de outubro, de acceso a las profesiones de Abogado y Procurador de los tribunales* (BOE, núm. 206, do 31 outubro de 2006), e o seu desenvolvemento regulamentario, recentemente modificado tras a entrada en vigor do *Real Decreto 64/2023, de 8 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 34/2006, de 30 de octubre, sobre el acceso a las profesiones de la Abogacía y la Procura*, (BOE, núm. 34, do 9 de febreiro do 2023) esixen superar unha formación específica e unha posterior avaliación para obter o título profesional de avogacía ou da procuradoría que capacite para o exercicio da profesión.

2. Que tanto a Universidade de Vigo coma o Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e o Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra, no ámbito das súas respectivas competencias e de acordo coa lexislación aplicable en cada caso, teñen entre os seus obxectivos e misións formar a quen pretende exercer as profesións da avogacía e a procuradoría.

3. Que as tres institucións manifestan a súa intención de colaborar para a impartición, conforme á xa citada lei 34/2006 e o seu regulamento de desenvolvemento, das ensinanzas conducentes á obtención do título oficial de Máster Universitario en



Avogacía e Procuradoría pola Universidade de Vigo para o acceso á profesión de avogado/a ou procurador/a.

4. Por todo isto, e para tal fin, ambas as partes conveñen en establecer os medios necesarios para a oferta dos citados estudos do máster, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO.

1. O obxecto do presente convenio é regular os termos da colaboración entre a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e o Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra para a impartición da formación profesional esixida no capítulo segundo da Lei 34/2006, do 30 de outubro, de acceso ás profesións de avogado/a e procurador/a dos tribunais.

2. Para tal fin, as partes optaron por atender á vía prevista na letra a) do artigo 4.1 do Real Decreto 64/2023, de 8 de febreiro, que desenvolve a referida Lei, mediante a impartición dun título oficial de Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría, cun plan de estudos conforme ao previsto no citado Real Decreto.

3. A Universidade de Vigo dispón de autorización para impartir, a partir do curso académico 2023/2024, o título oficial de Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría pola Universidade de Vigo, e comprométese a mantela durante a vixencia do convenio coa colaboración do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e do Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra.

4. A Universidade de Vigo será a responsable ante o Consello de Universidades e a ANECA do procedemento de modificación ou extinción do plan de estudos.

5. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo estará en disposición de ofrecer nas súas instalacións ata o 100% da docencia en aula do máster. Con todo, se é necesario, poderá impartirse nas sedes dos colexios ata un máximo de 243 horas da docencia, se ambos colexios están de acordo e teñen dispoñibilidade de espazos axeitados, segundo os custes estimados citados na táboa da cláusula 5 apartado 5. En caso de repartición da docencia entre varias sedes, a comisión académica do máster programará unha distribución racional e eficiente dos tempos e os espazos ao longo do período lectivo.

SEGUNDA. XESTIÓN E COORDINACIÓN DO MÁSTER.

A dirección e xestión académica do máster apoiarase nos seguintes órganos de natureza unipersonal ou colexiada:

- a) Comisión Académica
- b) Coordinación académica e coordinación profesional



Comisión Académica

1. A Comisión Académica estará integrada polos seguintes membros:

- a) As/os decanas/os da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e do Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra, ou persoas en quen deleguen.
- b) A persoa coordinadora académica, que será un/ha profesor/a doutor/a do máster, e a quen corresponderá a presidencia do órgano,
- c) As persoas coordinadora e vicecoordinadora profesional, que serán, respectivamente, membros do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e do Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra. Á persoa coordinadora profesional corresponderalle a vicepresidencia do órgano.
- d) A persoa a quen corresponda a secretaría do órgano, que será un/ha profesor/a doutor/a do máster con vinculación estable coa Universidade de Vigo.
- e) Dous/dúas vogais designados/as pola Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, que han de ser profesoras ou profesores doutores do máster e con vinculación estable coa Universidade de Vigo. Un/ha deles/as será integrante da Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, conforme o Regulamento de estudos de posgrao da Universidade de Vigo.
- f) Un/ha vogal designado/a polo Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra entre o seu profesorado do máster.

2. Son funcións propias da Comisión Académica:

- a) Impulsar o cumprimento do obxecto do presente convenio polas partes.
- b) Propoñer o regulamento de réxime interno da propia comisión que deberá ser aprobado pala Comisión de Estudos de Posgrao.
- c) Aprobar os horarios de docencia, as probas de avaliación e a asignación das aulas de xeito coordinado cos centros de adscrición.
- d) Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica do máster (cumprimento de horarios de clases e titorías) e velar pola dispoñibilidade dos espazos e medios para a súa impartición (aulas, equipos de videoconferencia, etc.).
- e) Seleccionar o estudantado admitido no programa.
- f) Emitir un informe para recoñecer as competencias e a equivalencia de títulos estranxeiros de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).



- g) Formular as demandas de recursos humanos e materiais, debidamente xustificadas.
- h) Seleccionar o alumnado para bolsas ou estadias de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais e do EEES baixo os principios de igualdade e concorrencia competitiva.
- i) Elaborar e aprobar para cada curso académico as guías docentes da titulación e remitirlas ao centro para ratificalas na Xunta de Centro segundo a normativa establecida.
- j) Elaborar e aprobar para cada curso académico a Planificación Docente Anual (PDA) do Máster.
- k) Elaborar e aprobar para cada curso académico o Plan de Ordenación Docente (POD) do Máster.
- l) Aprobar para cada curso académico o cadro de persoas titoras de prácticas de acordo co seu cronograma.
- m) Elaborar e aprobar o orzamento anual da partida económica asignada ó máster e aprobar, ao peche do ano económico, a correspondente memoria económica da execución dos gastos realizados.
- n) As funcións recollidas no Regulamento de réxime interno da Comisión Académica do máster.
- o) Calquera outra función relacionada coa formación prevista neste convenio e que non estea asignada legalmente a órganos da Universidade e dos Colexios da Avogacía e de Procuradores.

Coordinación académica e profesional

1. Conforme o establecido no Regulamento de Estudos de Posgrao da Universidade de Vigo, o título terá unha persoa coordinadora académica que será unha profesora ou profesor doutor con dedicación exclusiva na Universidade de Vigo.

Son funcións propias da persoa coordinadora académica:

- a) Supervisar a elaboración das guías docentes de cada unha das materias do máster, realizadas polas persoas responsables das mesmas, así coma o seu correcto cumprimento ao longo do curso académico.
- b) Aprobar un informe anual en que se detalle cantas incidencias tiveron lugar durante a impartición do programa formativo.
- c) Elevar á Comisión Académica cantas propostas considere oportunas para mellorar o funcionamento do plan formativo.



d) Calquera outra que resulte da normativa vixente na Universidade de Vigo ou da regulación interna da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, como derivado inmediato dalgunha das competencias que lle corresponden ao centro.

2. Ademais, o título terá unha persoa coordinadora profesional, que actuará en colaboración coa persoa que exerza a vicecoordinación profesional, cuxas funcións propias serán:

- a) Elaborar a proposta do plan de prácticas, conforme á normativa reguladora da materia, e o seu cronograma para sometelos á aprobación da Comisión Académica.
- b) Propoñerlle á Comisión Académica a designación das persoas titoras de prácticas.
- c) Aprobar un informe anual no que se detallen todas as incidencias que tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas.

3. A persoa coordinadora académica será designada pola Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo por proposta da súa/seu decana/o, a persoa coordinadora profesional será designada pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra, por proposta da súa/seu decana/o, e a persoa vicecoordinadora profesional será designada pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra por proposta da súa/seu decana/o.

4. Ambas as persoas coordinadoras informaranse con carácter inmediato de todas as incidencias acaecidas tanto no curso de formación coma nas prácticas. En todo caso, deberán informarse mutuamente antes de tomar calquera tipo de decisión que afecte ó profesorado.

TERCEIRA. PERSOAL DOCENTE.

1. O plan de estudos do curso de formación comprenderá 60 créditos ECTS, en que se impartirá a formación necesaria para adquirir as competencias profesionais indicadas no artigo 10 do Real decreto 64/2023.

2. O persoal docente do máster axustará a súa composición as esixencias do art. 12 do Real Decreto 64/2023. En consecuencia, conforme ó previsto na memoria para a solicitude de verificación do título, o persoal docente terá unha composición equilibrada entre profesionais da avogacía e a procuradoría, por unha banda, e profesores e profesoras de universidade, por outra, de forma que quede garantida a participación dos primeiros en polo menos a metade da docencia impartida. Dentro do grupo de profesionais da avogacía e a procuradoría, manterase unha proporción axustada aos contidos de cada profesión no plan de estudos.



3. As/os profesionais que integren o persoal docente deberán acumular polo menos cinco anos de experiencia profesional, e as profesoras ou profesores universitarios deberán posuír relación estatutaria ou contractual estable coa Universidade de Vigo. Excepcionalmente, e por acordo da Comisión Académica, poderán designarse colexiadas/os cuxo exercicio sexa inferior a cinco mais superior a tres anos. Eventualmente, a Comisión Académica poderá acordar a asignación de docencia a profesorado con relación estatutaria ou contractual estable con outras universidades nacionais ou estranxeiras.

4. Co fin de impartir unha formación integral do contido práctico-xurídico, as partes procurarán contar co resto de persoas operadoras xurídicas que consideren oportunas, entre outras, de xuíces ou xuízas, fiscais, letrados ou letradas da Administración de Xustiza, etc.

CUARTA. PRÁCTICAS EXTERNAS.

1. De acordo co artigo 5.1 do Real decreto 64/2023, se garantirá o cumprimento dos requisitos do período de prácticas establecido no citado regulamento para todo o estudiantado matriculado no máster. A tal fin, celebrarase un convenio específico de prácticas externas entre a Universidade de Vigo, o Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e o Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra.

QUINTA. RÉXIME ECONÓMICO.

1. A Universidade de Vigo, o Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e o Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra terán en conta no seu orzamento de gastos unha asignación económica suficiente e adecuada por cada curso académico para cubrir os custos que lles xeren, respectivamente, o seu profesorado e as instalacións para impartir o máster.

2. A Universidade de Vigo, o Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e o Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra poderán subscribir convenios e recibir subvencións e axudas de entidades públicas e privadas co fin de obter financiamento adicional para o máster.

3. A matrícula no Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría devindicará os prezos públicos establecidos pola comunidade autónoma de Galicia.

4. A Universidade de Vigo será a que xestione as solicitudes de matrícula e, unha vez rematado o curso, transferiralles ao Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e ao Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra:



a. Previa expedición de factura xustificativa de gastos, a cantidade correspondente a xestión das prácticas externas e uso das instalacións colexiais.

b. Previa expedición de factura xustificativa de gastos, o custe de profesorado pola docencia impartida no máster ó Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra, que o repartirá co Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra en función das horas de docencia que imparta cada un.

5. Aos efectos do previsto nos subapartados a) e b) do apartado anterior, atenderase ós seguintes conceptos e cuantías estimadas:

Conceptos	Custes parciais	Custes totais	Total
Uso de instalacións do Ilustre Colexio da Avogacía de Pontevedra (espazos, mobiliario, suministros,...)	4,5 € por aula y hora	(4,5 € x 1 aulas x 243 hs.): 1.093,5 €	1.093,5 €
Pago ao profesorado:	93,11 € por hora de docencia	- Docencia profesorado Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra: 93,11 € x 30 hs: 2.793,3 €. - Docencia profesorado Ilustre Colexio da Avogacía de Pontevedra: 93,11 € x 216 hs: 20.111,76 €.	22.905,06 €
			23.998,56 €

6. A Universidade de Vigo destinará, en función das actividades realizadas, ata un máximo de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €) anuais como atribución correspondente ao Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e ao Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra, con cargo ás aplicacións orzamentarias 2024 0040 111LP88 22606 (Núm. RC 2024P00850); 2025 0040 111LP88 22606 (Núm. RC 2025P00265); 2026 0040 111LP88 22606 (Núm. RC 2026P00112) e 2027 0040 111LP88 22606 (Núm. RC 2027P00014).

7. As clases presenciais do máster impartiranse nas aulas que para tal efecto habiliten a Universidade de Vigo, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ou nas sedes do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra e do Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra, de acordo coas previsións deste convenio.

8. A Universidade de Vigo será a responsable da custodia dos expedientes do estudantado, así como da expedición e rexistro dos títulos.



9. En todas as actuacións de promoción, actos públicos, publicacións e calquera outro acto de difusión do máster, deberán figurar os nomes e escudos ou logotipos das institucións asinantes.

SEXTA. VIXENCIA E MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

1. O presente convenio entra en vigor o día da súa sinatura e ten unha validez de catro (4) anos, sen prexuízo de que nun prazo de trinta (30) días antes da súa finalización as partes asinantes acorden unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro (4) anos adicionais.

2. As partes poderán propoñer as oportunas modificacións ó presente convenio que se tramitarán polo procedemento e prazos legalmente establecidos. A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes.

3. Calquera das partes asinantes poderá resolver o presente convenio comunicándollo ás outras cunha antelación mínima dun ano ao inicio do curso académico do máster. En todo caso, a devandita resolución non afectará o curso que se estea impartindo nese momento, que rematará regularmente.

SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

1. As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e polas demais normas de desenvolvemento. que resulten aplicables.

2. As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

3. As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

4. As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigação legal.

5. As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.



6. As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

7. Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

8. Os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa estatal e autonómica de transparencia e acceso á información pública.

OITAVA. SEGUIMIENTO DO CONVENIO.

1. Constituirase unha Comisión de seguimento e control da execución deste convenio coa seguinte composición:

- O Vicerreitor ou a Vicerreitora da Universidade de Vigo competente en materia de títulos, que exercerá a Presidencia.
- O Decano ou a Decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que exercerá a Secretaría.
- O Decano ou a Decana do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra.
- O Decano ou a Decana do Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra.

2. Esta Comisión de seguimento e control do convenio terá como función a resolución de cantas controversias e dúbidas xurdan en relación coa interpretación e desenvolvemento deste convenio e fiscalizará o cumprimento do mesmo.

NOVENA. NATUREZA XURÍDICA.

O presente convenio ten natureza administrativa e serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinamos por triplicado o presente convenio, no lugar e na data indicados ao comezo.

Polo Iltre. Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra



Universidade de Vigo



ILUSTRE COLEGIO DE PROCURADORES
PONTEVEDRA

Polo Iltre. Colexio de Procuradores de Pontevedra

Pola Universidade de Vigo